

Consideracións críticas sobre a obra poética de Rafael Dieste

Reflections on the Poetry of Rafael Dieste

Xosé Anxo GARCÍA LÓPEZ

Universidad de Murcia
josangel@um.es

O escritor Rafael Dieste foi obxecto de numerosos estudos ata o momento que ofreceron multiples perspectivas de analise, que permiten aprofundar nas composicións poéticas do escritor galego. Este é o obxectivo deste traballo e tamén ofrecer un poema que non fora compilado en ningunha obra poética de Dieste ata a actualidade.

GARCIA, X. A. 2003. «Consideracións críticas sobre a obra poética de Rafael Dieste». *Madrygal* (Madr.). 6: 55-68.

El escritor Rafael Dieste ha sido objeto de numerosos estudios hasta nuestro días que han ofrecido múltiples perspectivas de análisis, que permiten profundizar en las composiciones poéticas del escritor gallego. Esta es la finalidad de este trabajo y también ofrecer a los lectores un poema que no había sido recopilado en ninguna obra de Dieste hasta la actualidad.

GARCIA, X. A. 2003. «Algunas Consideraciones críticas sobre la obra poética de Rafael Dieste». *Madrygal* (Madr.). 6: 55-68.

Rafael Dieste's poetry has been object of numerous studies to date, although given the analysis perspective multitude that offers, it is even possible to deepen in verses of this Galician writer. That is the purpose of this work, and also to offer a poem that has not been compiled in any of Dieste's poetry editions done until today.

GARCIA, X. A. 2003. «Reflections on the Poetry of Rafael Dieste Rafael Dieste». *Madrygal* (Madr.). 6: 55-68.

SUMARIO 1. Introducción. 2. Estudios críticos da lírica diestana. Panorámica xeral. 3. Poeta Bilin güe. 4. Consideracións sobre a poesía Diestiana. 5. Visión transcendente da realidade. Notas a un poema case inédito de Rafael Dieste. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas.

1. Introducción

Falar de Rafael Dieste é falar dun dos máis destacados escritores galegos do século XX. A súa obra literaria abrangue tal variedade de facetas (xornalismo, narrativa, teatro, poesía, ensaio...) que impide calquera avaliación unilateral, amais de contar co recoñecemento unánime dunha dedicación creativa que mesmo transcendeu o marco das nosas letras para enriquecer proveitosamente a literatura en lingua castelá. En liñas xerais, o labor ensaístico, narrativo e dramático realizado por Dieste goza actualmente dun merecido recoñecemento do cal non se beneficiou a súa lírica, relegada a un discreto segundo plano a pesar da probada calidade da mesma. Se ben hai que accredita-la brevidade do corpus poético do rianxeiro, conformado polo poemario *Rojo farol amante* (1933) e un feixe de composicións dispersas cronologicamente e só compiladas de xeito póstumo, isto non difulta a constatación dun refinamento e unha complexidade estilística que demostran un admirable talento lírico, o que converte a creación poética do rianxeiro en susceptible dunha análise que procuraremos enfocar coa maior obxectividade posible.

2. Estudios críticos da lírica diesteaña. Panorámica xeral

Obviamente, *Rojo...* ocupa un lugar privilexiado na produción en verso do rianxeiro. Así pois, non sorprende que, de xeito correlativo, fora este libro o que centrase boa parte dos estudos realizados verbo da obra lírica diesteaña, feito do que se deriva unha certa carencia de profundidade observable naqueles ensaios que atinxen tamén ó resto do corpus poético de Dieste. Actualmente, unha serie de importantes traballos xurdidos co gallo de seo no noso autor a figura á que se lle dedicou o Día das Letras Galegas na edición de 1995 resolvieron en parte a devandita civa, tarefa na que, modestamente, pretendemos participar mediante a presente contribución, sen desmentir polo mesmo o rigor científico que acompañou os estudos precedentes. É necesario, pois, achegarnos a eles como lembranza obrigada en orde a ilustrar o estado actual da investigación.

Os primeiros comentarios críticos da lírica diesteaña foron obra de Fernández Mazas (1933: 74-75) e Eduardo Dieste (1935: 58-59), irmán do autor, os cales saudaron con entusiasmo a saída do prelo de *Rojo...*. Polo demais, nos anos que median entre a chegada do escritor de Rianxo á Arxentina e o seu retorno a España, os artigos que fan referencia á súa lírica amosan un escaso valor crítico, agás algúmha excepción como a de Fernández del Riego (1954: 5/30), queu eloxiou a beleza e a elegancia dos versos de Dieste. O primeiro traballo relativamente amplio sobre a poesía do noso autor – traballo que acadaría posteriormente a categoría de referencia ineludible – foi levado a cabo pola profesora Estelle Irizarry (1980): *La creación literaria de Rafael Dieste* é un estudio de conxunto que examina con detalle o poemario *Rojo...* a carón da obra narrativa e teatral do rianxeiro. Movéndose dentro duns límites flexibles e admitindo a intertextualidade nas obras de Dieste, esta autora dividiu o seu ensaio en atención ós contidos e a análise de temas e motivos. A finais de 1982, a revista *Grial* publicou un número monográfico dedicado á obra do noso autor como homenaxe no primeiro cabodano do seu pasamento. Non obstante, cómpre relativizar la súa importancia, posto que non analizou con suficiente profundidade a faceta poética do rianxeiro; defecto no que intuídiría tamén o conxunto de aproximacións recollidas nun caderno de idéntico propósito editado polo Ateneo Ferrolán en 1983. Ese mesmo ano publicase a terceira edición de *Rojo...*, a cal inclúe un limiar de Javier Alfaya que resulta particularmente interesante no que concirne á argumentación coa que rexeita o parentesco do poemario coa lírica castelá coetánea, propoñendo unha interpretación que achega o único poemario publicado por Dieste á poesía pura. Pola contra, as rexeccións aparecidas con motivo desta reedición salientaron a súa afinidade coa poesía castelá da época, aínda que coincidiron con Alfaya ó sublinhar o ton intelectual e mailo carácter revelador da lírica diesteaña.

Xa na década dos noventa, a revista *Documentos A* publicou un interesante número monográfico sobre Dieste en 1991 que reuniu artigos referentes á súa producción dramática, filosófica e lírica. Tres das contribucións aquí recollidas, asinadas por Estelle Irizarry (1991),

Arturo Casas (1991a) e Santiago Martín Bermúdez (1991), abordaron a análise dos campos semánticos, influencias e temas, respectivamente, presentes en *Rojo...* A aparición do ensaio de Arturo Casas *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego* (1994) contribuíu a fixar a atención dos lectores nos poemas compostos na nosa lingua, dos cales a súa análise formaba parte da exhaustiva monografía da producción en galego de Dieste realizada por este estudioso. Ademais, dentro xa do conxunto de iniciativas destinadas a potenciar la figura do escritor no Día das Letras Galegas de 1995, son salientables dous interesantes traballos de Julia Uceda e Luz Pozo, así como o libro de Freixeiro Mato *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra*, todos eles á marxe das contribucións de Arturo Casas (1995a e 1995b), quen, ademais de coordina la edición da creación poética do rianxeiro no primeiro dos cinco volumes das *Obras Completas* do noso autor, ofreceu un bo número de reflexións asisidas xunto cunhas posibles claves da poética diesteana. En 1997, Casas publicou a súa tese de doutoramento: *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*, na que revisou e ampliou moitas das súas propostas críticas sobre os textos do escritor de Rianxo.

Fóra do devandito, non cremos axeitado reduci-lo labor poético diesteano ás composicións versificadas, posto que a palabra rítmica non é patrimonio exclusivo da súa poesía. Coidamos digna de mención sobre este particular a revisión do romance castelán *La doncella guerrera*, elaborada polo noso autor en 1933 con vistas á súa representación no teatro de monicreques das Misións Pedagógicas, extremo xa tratado por Aznar Leal (1981: 31-32) ou Gilbert Cardona (1985: 495-502), entre outros.

En puridade, a pesar da importancia e complementariedade dos traballos enumerados, o esgotamento das perspectivas de análise amósase, polo de agora, remota. Estamos convencidos de que o estudio da poesía de Rafael Dieste ofrece ainda múltiples

posibilidades: pola nosa parte, esperamos que o presente artigo contribúa a ampliar o coñecemento dunha obra poética ata hai pouco considerada selecta e minoritaria, amais de editar un poema non compilado polos seus estudiosos.

3. Dieste, poeta bilingüe

Antes de iniciar la nosa análise da poética diesteana, xulgamos conveniente apuntar unha serie de premisas fundamentais que xustifican o noso proceder. Faise necesario lembrar que Dieste é un poeta bilingüe, que recorre tanto ó galego coma ó castelán no conxunto da súa obra. Sen embargo, constatamos cronoloxicamente notables variacións no recurso a unha ou a outra lingua, de xeito que cabería aludir á existencia de diferentes etapas ó longo da obra lírica do noso autor. Así, distinguíramos entre a duplicidade de uso lingüístico observada nos seus primeiros poemas e maila práctica desaparición da lingua galega na producción posterior. De acordo con esta observación, parece lóxico establecer en 1930, ano do seu traslado a Madrid e factor que eventualmente xustificaría o progresivo abandono do galego nos seus escritos, un corte cronolóxico entrámbalas dúas etapas. Con todo, cómpre facer notar que o emprego do castelán por parte de Dieste nos anos vinte non supuxo unha restricción clara da súa lingua materna en concordancia cun desafecto verbo das súas posibilidades poéticas, actitude que máis que mostrar evidencias se revela allea ós propósitos do escritor de Rianxo, os cales remiten, precisamente, a un recurso pragmático no que concirne ó uso de ámbalas linguas, extremo no que coincidimos con Carballo Calero (1984: II)¹. Por outra banda, sería formalmente incorrecto propor que a estadia de Dieste en Madrid se reflectise nunha desconexión do galego, a cal habría que atribuir más ben a razones de difusión editorial e non de preferencia lingüística.

¹ Xulgamos conveniente resalta-la importancia deste artigo —ausente ata o momento das bibliografías feitas sobre a obra de Dieste— do escritor e crítico ferrolán, quen revisa e desbota os argumentos que ata entón esgrimira en relación coa influencia do medio na creación diesteana, os cales foran publicados no número monográfico que a revista *Grial* consagrrou ó rianxeiro no primeiro aniversario do seu pasamento (1982: 409).

Tocante ó antedito, pódese valorar tamén a importancia do factor lingüístico no encadramento de orde estilística da poesía diesteana. Deste xeito, resultaría adecuado estudiar as posibles analogías ou desemellanzas da súa obra poética polo que se refire ás literaturas galega e castelá, atendendo especialmente á conexión entre circunstancias biográficas, viabilidade lingüística e influencia ou adscripción estilística. De acordo con estas premisas, e sempre tentando botar algúnia luz na análise da poética de Dieste, tense aludido ás orixes do escritor (Fernández del Riego 1954: 5) ou á paisaxe que actúa coma pano de fondo nos seus textos (Rei Núñez 1990: 350) como elementos que vinculan a súa producción en castelán á literatura galega. Segundo o noso criterio, estes non serían argumentos axeitados para realizar tal equiparación se consideramos como «literatura galega» a aquela caracterizada polo emprego exclusivo da lingua galega. Ademais, convén facer notar que a complicación formal e mesmo lingüística da poesía en castelán do rianxeiro se atopa ausente da súa obra lírica en galego.

Atendendo ás consideracións expostas, resulta evidente que a adopción dunha perspectiva global no estudio da obra poética de Dieste non revela senón a dificultade da superación dos condicionamentos que implica a posta en comúñ dos factores aludidos. Así pois, fáise evidente que nin lingüística nin estilisticamente é posible realizar unha análise conxunta da produción lírica galega e castelá de Rafael Dieste, o que se traduce na necesidade de estudos individualizados que atendan as súas peculiaridades e tenten describir e analiza-la súa especificidade. Neste sentido, excluimos da nosa análise as composicións integradas en comedias, así como a revisión do romance popular *La doncella guerrera*, textos obviamente alleos polo seu contido e circunstancias de desenvolvemento ó resto dos poemas do rianxeiro.

4. Consideracións sobre a poesía diesteana

4.1. Poesía en galego

4.1.1. Contexto literario e influencias

O corpus poético galego de Rafael Dieste é notoriamente breve: só conservamos catro composicións¹, ainda que Otero Espasandín (1982: 471) sinalou no seu momento a existencia de poemas anteriores a 1926, ano no que publica nas páxinas de *El Pueblo Gallego* o cantar «Pousada pídeu o vento». Ademais, é factible supoñer que Dieste escribiu posteriormente máis poemas en lingua galega dos que finalmente chegaron a ve-lo lume, posibilidade que o escritor deixou entrever nalgúnha ocasión, como por exemplo na entrevista que concedeu ó xornalista Manuel Dourado Deira en 1971:

Concretamente, ¿en cuál de sus obras está más presente Rianxo?

En gallego, evidentemente, en Dos arquivos do trasto y A fiesta valdeira y en algunos poemas no recogidos en libro todavía (1971: 23).

Sen embargo, o apartado correspondente á poesía en galego das súas *Obras Completas* (1995a) non contempla a inclusión de ningún poema inédito. Posiblemente, unha resposta plausible a este interrogante se atope nun feito que, ende mal, tivo continuidade: o crecente afán perfeccionista do autor e a teima na autocensura, actitude que xa na súa xuventude ofrecía coma modelo de conducta.

Analizando os escasos testemuños poéticos en galego de Dieste, semella adecuado vincula-lo noso autor ás liñas poéticas da xeración de 1925, na que se inscribe tanto a efectos cronológicos coma pola filiación da súa creación literaria na altura, inda que non chegase a participar nalgúnha das empresas máis destacadas dos seus coetáneos². A súa produción li-

¹ Incluimos nesta lista a composición que figura no catálogo dunha exposición de 1972 do pintor Xosé Díaz, que, a pesar de non figurar na sección correspondente á poesía das *Obras Completas* do noso autor (1995a), recopilada e prologada por Arturo Casas, si foi compilada por Xosé Luís Axeitos no segundo volume da *Obra galega completa* de Dieste editada por Galaxia (1995b).

² Segundo Méndez Ferrín (1984: 51), os membros da xeración de 1925 abordan tres empresas que lles son propias: o Seminario de Estudios Galegos, a revista *Ronsel* e maio Partido Galeguista. Se ben Dieste ingresou en 1927

rica en galego vincúlase ó hilozoísmo, corrente á cabeza da cal se sitúa o seu amigo e compañeiro de redacción en *El Pueblo Gallego* Luis Amado Carballo, que postula a humanización da paisaxe rexeitando o elemento pintoresco da poesía decimonónica e adoptando imaxes e recursos propios das vanguardas poéticas. Os seus trazos son doadamente perceptibles nos poemas de Dieste, nos que se recrean admirablemente o ton e o carácter dos cantares populares nun claro achegamento ó estilo de Amado Carballo, por exemplo en «Pousada pideu o vento».

4.1.2. Eixes temáticos

4.1.2.1. *Animación hilozoísta da paisaxe*: Esta temática, ademais de ser la dominante na poesía galega do rianxeiro, é unha característica consubstancial ó espírito galego. Nos poemas de Dieste, o hilozoísmo pode remitir a unha identificación en termos absolutos do home coa paisaxe; de aí a personificación do vento vagabundo e tristeiro de «Pousada...». Por outra parte, en «Muiñeira», composición próxima ó folclorismo como indica o seu título, as calidades predominantes son a riqueza do conxunto e maila harmonía establecida entre os elementos da natureza, que Casas definiu como *celebración pitagórica da harmonia do cosmos* (1994: 94). Certamente, a paisaxe exerce un encanto non só sensorial, senón tamén musical. É a totalidade da paisaxe animada quen baila, sendo á vez artífice, partícipe e espectador da danza galega. Dieste acredita no profundo sentido musical do galego, que nalgúnha ocasión confesou ter moi presente (Rivas 1978: 28), reconecendo tamén o papel do baile na esencia de Galicia (González Alegre 1954: 58). Neste mesmo poema asistimos a unha identificación da paisaxe de xeito etnográfico, isto é, en función da comunidade que a habita en datas posteriores ó conflito civil español: *Correrón os tempos, / o*

Tempo fendeuse, / malpareu a terra, / fendeuse o camiño.

4.1.2.2. *Exaltación da figura de Castelao*: É sabido que unha profunda amizade e unha mutua admiración unian ós dous rianxeiros, que sempre mantiveron unha relación cordial a pesar das discrepancias respecto das súas simpatías políticas⁴. O poema escrito en 1970 por Dieste constitúe unha revisión da experiencia vital do autor de *Sempre en Galiza*. Nunha sorte de tapiz poético con forma de tríptico, Dieste debuxa en primeiro lugar o diálogo político e cultural da Galicia do primeiro cuarto do século XX. Este desenvólvese nun ambiente fraternal no que hai unha angueira común: o renacemento dunha Terra nobre e rica, froito do labor que identifica o noso autor de xeito maxistral coa «romaxe da Galiza infinda». Un acto luctuoso e ó mesmo tempo enraizado na tradición ó que Dieste, representado aquí como un neno, se ve condicido da man de Castelao.

A segunda parte do poema correspondece cronoloxicamente co inicio da Guerra Civil, que fai borralla os soños tecidos por unha intelectualidade galega que, na súa meirande parte, se ve abocada ó silencio ou ó exilio. No derradeiro cadro, Dieste eleva a Castelao á categoría de profeta, convertendo o seu xesto e a súa ollada cara ó futuro nunha invitación a perseverar: a imaxe haxiográfica aconsella ó seu pobo poñer en práctica o seu credo, fuxindo do inmobilismo do que é vítima. Polo tanto, pensamos que a condena da situación que está a vivir Galicia non é tan velada como apunta Freixeiro Mato (1995: 274), ben que resulta infrecuente na súa lírica.

4.1.2.3. *Rexeitamento de xuízos absolutos*: Este tema faise patente nos versos que figurán no catálogo de exposición do pintor Xosé Díaz⁵. A sinxeleza dos susoditos versos réstalles, en certo modo, valor fronte a outros poemas do rianxeiro, facendo deles un texto menor. Así e todo, situándonos na traxectoria cronolóxica e creativa de Dieste, a súa importancia está ple-

na sección de Arte e Letras do Seminario, a súa sinatura non se atopa nas páxinas da devandita revista nin tam pouco chegou a afiliarse ó Partido.

⁴ Remitimos ó lector interessado en coñecer máis polo miúdo as boas relacions entrámbolos escritores á lectura da conferencia pronunciada por Dieste o catro de xuño de 1981 no Club Valle Inclán de Ferrol (1990: 231-243).

⁵ Versos incluídos no segundo volume da *Obra galega completa* de Dieste (1995b: 30-31).

namente xustificada, posto que, trala súa recepción no seo da Real Academia Galega, a publicación de poesía na nosa lingua se limita a esta composición.

4.1.3. Principais motivos

A pesar da brevidade do corpus lírico en galego do rianxeiro, podemos salientar dous elementos fundamentais: árbores e auga.

4.1.3.1. *Árbores*: Apareceu na poesía diesteaña baixo a forma de piñeiros e carballos, especies tradicionalmente vinculadas ó chan e maila cultura galegos, presidindo e autorizan do coa súa presencia a danza da muiñeira, ade más de delimita-lo camiño polo que Castelao conduce a un Dieste ainda moi novo.

4.1.3.2. *Auga*: É un elemento infaltable na produción lírica de Dieste, tanto na poesía galega coma na castelá, presente co misterio tan arraigado nas nosas tradicións. De acordo coa mitoxia popular, fontes, lagoas e ríos están poboados por trasnos, lamias e espíritos, e do medio acuático xorden voces e cancións en gaiolantes. Este é o substrato que Estelle Iriarri albisca en poemas en castelán do noso autor, como por exemplo «Sorpresa del molinero» (1992: 61), e que trataremos con detalle máis adiante. Verbo das composicións en galego de Dieste, é de notar que as augas de corren nostálgicas, falando do esplendor de tempos pretéritos.

4.2. Poesía en castelán

4.2.1. Contexto literario e influencias

Cronoloxicamente, a aparición do poema-rio *Rojo...* ten lugar nun momento óptimo; polo que fai á literatura castelá, publicánsen títulos tan importantes como *La voz a ti debida* de Pedro Salinas ou *Perito en lunas* de Miguel Hernández, sen esquecer *Lo Minero de estrellas* de

José María Morón, finalista do Premio Nacional de Literatura. Así é todo, a edición de *Rojo...* non se traduciu nun éxito a nivel de crítica e público. Se ben a súa poesía, igual cá do grupo castelán do 27, pretende ser unha chave que leve a lector e poeta a un mundo transcendido, hai que facer notar tamén que a lírica diesteaña é froito da convención entre o pulo creador e maila reflexión intelectual, renunciando dese xeito á escrita onírica adoptada por outros autores co ánimo de reflectir la ruptura coa realidade.

Estimamos que a adscrición da obra diesteaña ó panorama literario da época se debería interpretar non só no que concierne ás circunstancias biográficas do rianxeiro, senón tamén cos factores lingüístico e estilístico. Deste xeito, inclinámonos pola inclusión do rianxeiro como epígono na nómina da xeración do 27, hen que non existe consenso ó respecto. Críticos como Gonzalo Sobejano (1976: 646) ou Juan Manuel Rozas (1978: 28) apoian a devan dita proposta, a cal é rexeitada por outros estudiosos coma Francisco Caudet (1975: 11) ou Javier Alfaya (1983: XVI), os cales defenden a súa adscrición ó grupo xeracional conformado arredor da revista *Hora de España*, que se inseriría ben na xeración de 1930, ben na xeración do 36, consonte os respectivos criterios destes autores. Polo que atinxo ó tema que nos ocupa, interésanos determinar as ponderacións de Javier Alfaya, quen ratifica a exclusión categórica de calquera punto de contacto entre a producción do noso autor e a súa coetánea castelá aludiendo á transcendencia implícita no poemario do rianxeiro¹. Pola nosa banda, discrepamos de tal afirmación, non na transcendencia sinalada, senón no feito de eludir unha serie de trazos que denotan a asimilación de formas poéticas e recursos vixentes naquela altura. O mesmo Dieste confesou a devoción que sentía por certos escritores en lingua castelá como Antonio Machado ou Juan Ramón Jiménez, así como polos escritores estranxeiros Apollinaire, Mallarmé e Rilke (1983: 19), influencias

¹ No marco do Congreso *Rafael Dieste*, celebrado na Coruña entre os días 25 e 27 de maio de 1995, tivémo-la oportunidade de ver a este autor reafirmarse nos ditos postulados defendendo coerentemente os aspectos que o llevaban a fazer tales afirmacións, os cales foron moi contestados numa sesión posterior por outro dos relatores, Luiz Pozo Garza, quen puxo de relevo algúns dos nexos existentes entre a obra poética do rianxeiro e a dos escritores do 27. Ende mal, as actas do citado congreso só recollen as teses da profesora ribadense (1995: 267-278).

comúns con relación ós escritores do 27. Consecuentemente, os poemas de Dieste amosan un certo parentesco con algúns das liñas establecidas polos autores do grupo castelán. Por exemplo, o emprego de formas sínxelas e metros curtos, que remiten á canción lírica popular, revelan uns posibles vínculos co neopopularismo presente nos primeiros libros de García Lorca ou, como quere Alonso Girgado (1986: 42), Alberti. Na nosa opinión, é indubidable a influencia do libro de poemas de Alberti *Marinero en tierra* en composicións do rianxeiro coma «Plazoleta y Juan sin don».

Fóra do devandito, cómpre salienta-las pegadas do surrealismo, como é o caso do poema «Furia del aire», no que podemos dicir con Martín Bermúdez que semellan resoalos versos de García Lorca (1984: 15). Así mesmo, observamos tamén nos seus poemas o influxo do intimismo reflexivo de Machado, por exemplo na composición «El alma era confiada». A poesía barroca e neogongorina ocupa un lugar sobranceiro en *Rojo...*, igual que acontece no *Perrito en lunas* de Miguel Hernández, ben que desde a nosa perspectiva Dieste non acada a escuridade estilística do andaluz.

Á parte das influencias xa sinaladas dentro do esquema poético do 27, podemos atopar na poesía do noso autor fragmentos de corte modernista, cheos de musicalidade e imaxes preciosistas; é o caso de poemas como «En dorado silencio». Polo que se refire ó ascendente vanguardista, quitando a relación coa poesía pura xa apuntada en *Rojo...*, poderíamos situalo poema «Retina infantil» dentro das coordenadas ultraístas, áinda que neste poema en concreto o uso das imaxes e maila disposición tipográfica obedecen ó desexo de imitar lo estilo do seu destinatario, o poeta arxentino Francisco Luis Bernárdez⁷. Así mesmo, podemos salientar tamén o influxo da lírica galega medieval revitalizada polo neotrobadorismo, corrente poética da literatura galega que encabezan Álvaro Cunqueiro e Fermín Bouza Brey, se ben a actualización de Dieste reflecte unha ruptura co inmobilismo da forma tradicional.

Tendo en conta estas observacións, é coerente concluir que a poesía diestiana posúe varios puntos en común coa poesía que levan a cabo os autores do 27, se ben abrollan diferencias obvias entre a produción lírica dos escritores casteláns e a do autor de Rianxo: así, observamos que o amor non é a parte máis orixinal e recorrente da súa poesía. Asemade, Dieste tampouco subscribe o ideal de autosuficiencia da arte; pese á influencia da poesía pura de Valéry, a súa é unha sensibilidade poética emocional, que supera a realidade dos obxectos referendando a afirmación do ser ó entrar en contacto cos elementos que o rodean. Xa que logo, o protagonismo corresponde na súa poesía tanto ó mundo coma ó home. Mais que transcendente, o cualificativo que coidamos mellor define á lírica do rianxeiro é o de filosófica, perfilándose coma un producto elaborado e complexo na variedade de formas ó que, por riba doutras consideracións, o tempo non restou atractivo.

4.2.2. Eixes temáticos

Consonte o noso criterio, a análise da obra poética de Rafael Dieste revela a existencia de núcleos temáticos definidos, ben que non excluíntes entre si; teríamos que aludir, xa que logo, a unha pluralidade que ten unha cerna común, cerna que non é un trazo exclusivo da lírica do noso autor, senón que se fai extensiva á totalidade da produción literaria do rianxeiro: o devezo de coñecemento en relación co tempo, a realidade e o home mesmo. De acordo con isto, poderíamos considera-los seguintes eixes temáticos:

4.2.2.1. *Viaxe*: Aurora de Albornoz (1977: 25) sinala este como tema central do poema *Rojo...*, por canto unha parte significativa dos eu poéticos son viaxeiros. Compartimos no máis esencial o xuizo desta estudiosa, áinda que cremos conveniente salienta-los distintos motores da viaxe. Nalgún caso, a viaxe viría motivada pola percepción dunha carencia íntima; velaí o «perenne pasajero» que

⁷ Francisco Luís Bernárdez (1900-1978), escritor arxentino de ascendencia galega, viaxou a Galicia en 1920, incorporándose en 1924 á redacción de *El Pueblo Gallego*, onde coñece a Dieste. O ano seguinte volveu a Buenos Aires, acadando en 1944 o Premio Nacional de Poesía arxentino.

interioriza o mundo circundante. Noutros poemas, o noso escritor recrea a asociación tradicional da vida como viaxe na procura de coñecemento; así acontece en «Vieja ciudad», onde o eu poético atravesa as febras para, paradoxalmente, atoparse nunha rúa cega. Tamén neste epígrafe se incluiría o xiñete de «Blasón», o cal cabalga cara a «horizontes lejanos», unha preciosa metáfora da realización das posibilidades da condición humana.

Por outra banda, a presencia de mitos clásicos relacionados coa viaxe ó alén tamén se fai notar na súa lírica; velai o caso de Caronte e a lagoa Estixia, á que indirectamente parece aludir lo rianxeiro no poema numerado en cifras árabes como 41 en *Rojo...*: «...el ancho río que de anhelo e memoria une y separa orillas...». No poema ó que corresponde o número 30, o eu poético despidese do lector antes de embarcarse cara ó desconocido. É unha despedida gozosa, anhelosa, acompañada da íntima convicción de atopar unha nova ribeira. A ribeira, na que conflúen o ferrocarril de «Tren hacia el mar» e mailo viaxeiro de «Frontera», sinala os límites entre a terra, ámbito coñecido, e o mar, camino a un abeiro desconocido. Así e todo, o naufraxio é unha posibilidade tamén considerada polo poeta.

4.2.2.2. *Devezo de coñecemento:* Trátase dunha condición necesaria para o crecemento tanto intelectual coma espiritual. O eu poético situado no presente, depositario das acciones do pasado, expresa o desexo de aceptarse a si mesmo e reconciliarse cun eu superado, mais non necesariamente integrado nunha evolución harmónica do ser. Dieste sérvese da alteridade e do diálogo para confrontar aquél eu que subsiste na intimidade, ainda que o representativo sexo o eu presente que suxire a reconciliación. A confrontación pode ser convulsa, mesmo violenta⁴. No poema que comeza «Confusa voz tardía...», o poeta rebéllase contra a voz da súa conciencia nunha tentativa de desposuila da súa insistencia, da sua insidia, da vaguidade coa que se expresa. Así e todo, a desculpa e posterior absolución non implican un conflicto continuo; as lembranzas

máis punzantes pódense tamén acollar baixo o pépedo manto do esquecemento.

Tanto Arturo Casas (1991a: 117) coma Santiago Bermúdez (1991: 113) chamaron a atención sobre a existencia de poemas conscientemente agrupados polo autor no volume *Rojo...* baixo esta temática. Pensamos que ámbalas propostas son axeitadas, máxime tendo en conta as declaracions do propio Dieste:

(...) el libro de versos no debe ser una simple exhibición, una compilación de versos, sino que, a ser posible, debe tener una ordenación como la que puedan tener las distintas partes de una sonata o de una sinfonía (1990: 238).

4.2.2.3. *Perfección pasadía:* Tocante a este eixe, coincidimos con Julia Uceda (1995: 198) ó sinala-la relevancia concedida polo poeta ó intre fugaz no que tódalas cousas ocupan un lugar e sentido definido, ben que efémero. Dies te tenta preservar ese instante, fixándoo na memoria nunha impresión duradeira, a cal actualiza a través da evocación en poemas como «Perenne instante», no que incide sobre a paisaxe costeira transformada como paraíso primaveral. O poeta adopta unha óptica infantil que contribúe a dota la composición dun cándido lirismo.

En «Montaña», a contemplación da magnificencia da natureza conclúe, como sinala Gurméndez Victoria, nunha *simultaneidad de direccions que condensan toda a beleza pánica do éxtasis e da quietude* (1982: 397). Con todo, a ilusión creada arredor do acontecemento é inevitablemente reducida a un tempo e espacio concretos, afastados, perante a frustración do poeta, testemuña da fuga irreparable de si mesmo. Así o expresaba Dieste:

Y uno quisiera detenerlo, y el mundo no obstante continúa, y aquello que fue nada más que una luz, apenas insinuada entre las nubes, se desvanece, desaparece... todo aquello, que era una imagen de eternidad, queda ensombrecido (1990: 228).

4.2.2.4. *Paisaxe:* Esta actúa como pano de fondo dos poemas e mesmo como protagonista dalgúns deles, revestida dunha animación hilozoista. Nela podemos entrevé lo Rianxo da súa nenez, xunto á evocación das súas viaxes coas Misións Pedagóxicas. Poemas como

⁴ A loita como elemento fortalecedor que ten como meta o perfeccionamento é un tema que tamén se encontra presente na súa narrativa, concretamente nas *Historias e invenciones de Félix Muriel* (Irizarry 1985: 27).

«Interior» son representativas do primeiro caso, recreando o ambiente da casa familiar dos Dieste. Outras composicións como «Después de nieve doctora» lembrannos a paisaxe que acompañaba o percorrer do rianxeiro na época das Misións Pedagóxicas (Rei Núñez 1987: 65). Así é todo, no caso do poema «Montaña» opinamos que a paisaxe é debedora tanto da orografía alavesa coma da inesquecible lembranza do címo do Barbanza, primeira elevación natural observada polo escritor, da cal a súa presencia non podía menos que se manifestar poeticamente no autor, extremo verbo do cal podemos dicir con Fernández del Riego que *o seu perfil elegante resultou pra il como o de un grande poder coallado de mansedume* (1954: 5). Cremos que a devandita composición reflicte ás claras este aspecto. A ordenación da paisaxe, particular que tamén resulta obvio na súa producción poética en galego, presenta unha cohereneia, unha harmonía da que se desprende unha musicalidade etérea. Por último, é tamén común nos poemas de Dieste a combinación de recursos visuais e auditivos, predominando o cromatismo nunha lírica tinguida de plasticidade e riqueza de cores.

4.2.2.5. *Amor e evocacions sentimentais*: O amor atópase igualmente presente na lírica diesteana, por exemplo no poema «Canción», onde se ve evocado mediante a semellanza entre o froito miúdo e fresco da cerdeira e malla fráxil e inesquecible impresión do amor adolescente. No poema «Primer viaje por mejillas» a amada é identificada cunha visión náutica, na que se fai patente a inseguridade do eu poético a través dun paralelismo co atordamento dos mariñeiros na seguridade da terra, afeitos a manterse firmes na loita contra a corrixe do mar.

En «Amiga», o poeta reconece e admira a beleza da compañeira, sen que nesta esperte o desexo amoroso, sublimado polo afecto da amizade. O seu é un contacto franco, de resultas da cordialidade do trato cotián, mais a condición feminina é sempre unha presencia obrigadamente misteriosa para o escritor. Na composición «Interior», Dieste recrea a figura da nai, ben que, como é lóxico, existan diferencias entre os motivos pretextuais e a composición resultante. O plano literario non é un espello fiel da vivencia do autor, ainda que substancialmente tanto está coma aquel posú-

an nexos comúns de acordo coa reveladora lectura que fai do referido poema o rianxeiro en diálogo epistolar coa súa amiga Esther de Cáceres (Axcitos 1995: 24-25). No poema que comeza «Renovada esperanza...», o eu poético pon o seu fecundo talento ó servicio da súa amada, a súa musa, a quen se dirixen tódolos epítetos do seu inesgotable caudal lírico, buscando unha aproximación ó ideal que só existe no seu corazón. Lonxe estaba de imaxinar Dieste cando escribia estes versos o preto que estaba de atopa-la que sería a súa dona.

Na composición numerada como 7, asistimos ó interrogatorio retórico do eu poético coa súa paixón, que se retira inexorablemente deixando paso á razón. Paixón e razón identifícanse como dualidade existente no seu interior, respondendo ambas a unha dualidade complementaria do ser. O poeta desexaría volver baixo o influxo da paixón, pero esta xa non é senón lembranza dun lume esvaecido:

4.2.3. Principais motivos

É posible constatar na lírica diesteana a presencia dunha serie de elementos recurrentes: sombra, paxaros, árbores... A continuación, procuraremos facer unha relación dos mesmos, apuntando o seu carácter.

4.2.3.1. *Sombra*: Ten sempre connotacións negativas. En poemas como «Esquina» ou o que principia «Si después de llorar...», Dieste considera a posibilidade de verse abordado por aquela co propósito de domínalo o seu ánimo. Polo que fai a «Esquina», a faciana hostil que axixa ó poeta non é senón un desdobramento de si mesmo, espectador e censor privilexiado dos seus actos e pensamentos más íntimos. O poeta definea como «ascética», por ser froito da reflexión, da dor e da mortificación. Julia Uceda apunta o vínculo existente entre sombra e esquina, ou mellor dito, encrucillada (1995: 199), que unha vez atraídas permite ó eu poético liberarse das súas preocupacións.

No poema numerado como 27, as sombras alleas suscitan novamente as dúbdidas e remorsos do eu poético. As sombras, deseños ou esperanzas truncadas cando a penas xermolaban, desfilan nun caos xordo ante o poeta, pugnando por arrastralo canda elas cara ás te-

bras. A súa vontade semella esvaer, mais non cede, absorto na contemplación dunha luz pálida, alba, que podemos supoñer que se corresponde coa aura virxinal da amada.

4.2.3.2. *Paxaros*: Constitúen un símbolo sobranceiro na lírica do rianxeiro, onde polo seu canto e dinamismo posúen un valor eminentemente positivo. No poema «Interior», as imaxes da faciana da nai e dos paxaros ó amencer representan simbolicamente a ledicia do poeta. Así mesmo, tanto en «Bajo el cielo del padre» como no poema numerado 44, son os paxaros coa súa fráxil condición os que apoian, coa grácil sinxeleza do seu voo e cos seus rechouchios, a liberación dunha atmosfera opresiva, obrigando á auga a fluir e encher novamente de vida unha natureza inerte. A augua, medida tradicionalmente á representación do poder, mais tamén á audacia e maillo afán por levar a cabo as más elevadas conquistas, aparece na poesía diesteana como simbólico tributo concedido ó vencedor de si mesmo. En cambio, na composición «Montaña» a súa presencia é heráldica, como unha bandeira ondeando nun mastro, configurando un motivo que xorde da admiración do poeta pola maxestade que semella emanar do címo e que nos suxire, igual có irmán do noso autor (1935: 74), unha recreación do mítico Olimpo.

Excepcionalmente, o canto dos paxaros acada unha dupla significación no poema «Frontera», onde o canto do «paxaro negro» se poderá asociar co agorio que anuncia o fin, subliñado polo feito da súa colocación como derradeiro poema do libro, o que lle confire, ó noso xuizo, un carácter semellante ó epílogo. Sen embargo, convén salientar a este respecto que non observamos no contido desta composición unha antítese polo que se refire ó resto dos poemas de *Rojo...*; non en vano, tralo naufraxio das expectativas e enmudecemento do eu poético, o canto do paxaro podería ser o preludio do renacemento das expectativas, como o fénix que rexorde das cinzas.

4.2.3.3. *Luz*: Esta é unha nota recorrente na súa produción que se debe entender tanto en sentido visual coma epistemolóxico, respondendo ó desexo de iluminación, como xa fixo notar Estelle Irizarry (1991: 108). No poema «Interior», a cara da nai identifícase coa luz do sol en consonancia cunha teoría heliocéntrica que considera á nai o eixe vertebral do fi-

llo co mundo, na medida en que aquel depende dela na súa aprendizaxe vital.

A luz tamén é asociada de xeito abstracto co saber innato; é o caso das composicións «Canción» e «Semilla». Por outro lado, Irizarry analizou as referencias poéticas á luz no interior dos froitos (1985: 32), apuntando un notable parecido con certas pasaxes borxiñas. Ademais, a luz actuaria como nordés e guieiro fóra da escuridade no poema que dá título o libro. En «Presagio», dia e noite únense no luscofusco, cumprindo unha lei inmutable en virtude da cal as horas máis mouras preceden á alba, ó renacemento coas primeiras luces do amencer. En «Sol serafín», a luz sustenta a base haxiográfica dos feitos que revela o poeta. Con todo, a luz tamén pode levar implicitas modificacións que invertan o seu sentido positivo, como acontece no poema numerado como 23.

4.2.3.4. *Auga*: Tocante á significación habitual deste elemento como símbolo de vida, esta non figura na producción lírica do noso autor. Unicamente a auga estancada, cun simbolismo marcadamente negativo, aparece de xeito usual nos poemas que conforman *Rojo...*. Así, a auga turba e inmóbil evidencia en «Bajo el cielo del padre» unha atmosfera desacondante, o mesmo que na composición que comeza «Hemos ido a ver el mar...», onde o mar amosa un aspecto desagradable, feito que contrasta co decidido dinamismo co que se abre o poema. O mar e o seu vaivén axéitanse ó baixo estado de ánimo do poeta. Unhas veces é só un murniurio («Tren hacia el mar»); outras, convértese nun agradable compañeiro («Perenne instante»). Tamén é interpretado como camiño ó desconecido, identificación sobre a que volveremos a insistir máis adiante.

4.2.3.5. *Árbores*: É outro dos motivos que aparecen frecuentemente na poesía diesteana, poñendo en comunicación os tres niveis do espacío vital: o subterráneo, a través das raíces; o exterior, por mor das súas pólas e follaxe, que serven de albergue ós paxaros, dos cales xa referímos la súa significación; e, por último, o ceo, cara ó que se ergue a súa copa. Esta confluencia torna reveladora a identificación que o escritor establece entre o seu corpo e maillo dunha árbore no poema «Reconocimiento», ollando o resultado da transmutación desde

unha perspectiva exterior cunha mestura de afecto e admiración. No poema numerado 44 de *Rojo...* apreciámolo mesmo procedemento, coa particularidade de que nesta ocasión a árbore é singularizada nun álamo. En «Interior» a cara da nai compárase co corisco dunha árbore, asociando a súa figura coa maxestade das árbores centenarias.

4.2.3.6. *Esfera*: É unha das imaxes preferidas por Dieste. Polas súas características xeométricas, simboliza a perfección, valor co que figura na lírica do rianxeiro moitas veces relacionada co tema da perfección fugaz a penas perceptible, ó que xa aludimos con anterioridade. É o caso de «Perenne instante». En «Esfera de sol marino», tódolos motivos encadéanse arredor dese intre, agora presidido polo astro rei. Segundo a concepción pitagórica do cosmos, os planetas, corpos estéticos incorruptibles e perfectos, manterían unha orde inalterable da que se desprendería unha harmonía musical. Dita concepción semella inverterse en «Mutilados planetas». A esfera relaciónnase tamén co ciclo vital do home, que non segue para o poeta unha perspectiva lineal; a morte non é senón un paso intermedio entre unha vida e outra. Así, o home, nado de novo, é infinito presaxio de si mesmo.

4.2.3.7. *Vento*: É outro dos motivos habitualmente empregados polo noso autor. A súa ausencia xera un ambiente denso e sufocante, como ocorre no poema «Bajo el cielo del padre», ó que xa nos temos referido. Sen embargo, o aire en movemento non sempre ten connotacións positivas: en «Esquina», a brisa percorre como un calafrio a caluga do poeta, mentres que en «Furia del aire» se transforma en violento remuño.

5. Visión transcendente da realidade. Notas a un poema case inédito de Rafael Dieste

En liñas xerais, a concepción omnipresente na produción poética diesteana é aquela que se basea na presencia de certos aspectos ocultos trala realidade obxectiva, os cales só se tornan revelables a partir dunha ollada atenta e voluntaria. Alfaya relacionou este feito, cremos que acertadamente, coas epifanías do escritor irlandés James Joyce (1983: XVII). Así, os feitos más sinxelos posuirían un si-

nificado adicional ó do obxectivo, non desfrable de xeito inmediato, mais un e outro conformarían un todo, un conxunto no que se engloban e se dispoñen de xusto inherente á súa percepción. Dieste sostén que existe un misterio detrás da transparencia coa que se nos presentan as cousas, do cal non nos é dado participar na súa totalidade, cabendo nel *todas las adivinaciones de los artistas y de los poetas* (1990: 230). Realidade e enigma son pois equivalentes baixo a atenta e lúcida ollada do poeta, o que nos permite concluír que a vontade de coñecemento está indiscutiblemente asociada a unha componente intuitiva que rexeita o coñecemento pragmático do entorno vital do individuo.

A premisa fundamental do coñecemento da realidade da que fai gala o rianxeiro reside na procura persoal, na interiorización e na busca da identidade que lle é propia ó home consonante os referentes reais e as afeccións que se derivan destes para o ser humano. Dieste tense referido en diversas ocasións ó problema da identidade do ser e mailo coñecemento coma motor da súa obra, pero consideramos necesario salientar que a aprehensión dos aspectos inesperados e marabillosos se atopa en moitos casos máis alá do xuízo obxectivo: o pulo creador, non racionalizado nin supeditado a unha determinada finalidade, non ten que obedecer necesariamente ó influxo da realidade consciente. Dieste avoga por unha sensibilidade aberta ó servizo da razón poética, que, sen chegar a desbota-lo coñecemento sensitivo, reaccione tamén intuitivamente perante as realidades do mundo sensible. Un exemplo do anteriormente exposto atopámolo no poema «Sorpresa del molinero», no cal a principal preocupación do protagonista reside na relación entre o acto creador e o signo que o representa.

Mais a escucha interesada non se debe converter en consciencia inquisidora. Casas (1991b: 11) sinala que a vontade hipersensible, predisposta á cognición de trazos ocultos, supón unha reducción do campo de acción da razón poética, tal como se desprende da lectura do poema «Pregón a la puerta de la sala», un texto que, incomprendiblemente, ficou á marxe de tódalas compilacións e antoloxías que foron xurdindo tralo pasamento do noso autor. O poema publicouse en cartel por primeira

vez con motivo dunha mostra da obra plástica de Manuel Colmeiro, exposta entre maio e xuño de 1932 no Casino de Vigo. Posteriormente, o texto coñeceu unha segunda edición por parte da Asociación de Artistas co gallo dunha nova exposición do pintor na Coruña en maio de 1936. Por tratarse dunha composición escasamente coñecida e difundida, reproducimola na súa integridade⁷:

*Entrá y verás:
en este de colores idioma campesino
dice su refrán el campo.
Campo cantor no es lo mismo
que campo retratado.
Si has visto el campo navegar
suspendido del cielo barca de columpio
sabrás medir la justa gravedad,
la doble confianza
reposada y suspensa
de esta pictórica labranza.
No busques gráfica de cálculo,
picaro oficio,
en estos cuadros que te están mirando.
Entrá y verás como te mira
suspenso y reposado tu remanso.
A quien mire:
Has de ser
pescador sin anzuelos
que pesque buceando
tácita luz en agua iluminada.
Campo que dice o canta no es lo mismo
(entra y verás) que su trivial retrato.
Si venís con ardides
buceadores de campeonato
saldreis vacíos
con melena de algas y cara de fracaso.
Entrá y verás.
Mas no has de ver basura
en el concierto de estos cuadros.
En su cabal presencia,
orillas que te miran
son a la vez mandato y obediencia.*

De acordo con Dieste, cómpre unha certa pericia e, sobre todo, unha mente aberta para afondar na representación, conxugando a apro-

ximación apotética cun achegamento de natureza subxectiva na toma de conciencia estética da obra cultural, consideracións que se fan extensivas ó ámbito da realidade. Unicamente así é posible gozar plenamente da multiplicidade de sensacións derivadas da observación asociada ó instante epifánico e, á súa vez, sentirse observado polas cousas, en íntima comunión con elas: velaquí a meta perseguida polo noso autor. O longo do poema tórnase obvia unha relación intrínseca entre os dous elementos fundamentais: a materia plástica / poética e a posibilidade de acceder ó signo. Só na medida en que o home ten coñecemento pleno e directo desa experiencia, esta chega a revelarse nun triple proceso: entrada, inmersión e saída á luz. Xa que logo, encontrámornos no eido dunha experiencia case que mística.

6. Conclusións

Xa no remate deste breve achegamento á obra poética de Rafael Dieste, impõse, de xeito inevitable, unha cuestión: ¿por que Dieste, posuidor de innegables dotes para a lirica, deixou tras de si unha produción tan breve? Casas (1991a: 114) apunta como posible causa do abandono do xénero poético a imposibilidade de conxuga-la formulación dialoxística coa praxe poética. Pola súa parte, Irizarry (1980: 255) apostou polas restriccións derivadas da rixidez formal da poesía como factor determinante do seu abandono. A este respecto, coidamos digna de mención a importancia concedida polo autor á palabra como vehículo de transmisión do seu pensamento ó lector. No caso de Dieste, a creación poética é un fenómeno complexo que evidencia unha profunda reflexión, rexitando tanto o automatismo coma a simple superposición de imaxes e figuras literarias. Unha explicación plausible ó abandono da lírica como medio de expresión atopámola no texto dunha conferencia que Dieste pronunciou en Pontevedra en 1979, da que extraemos o seguinte treito:

⁷ Respectamos en todo momento a versión orixinal, engadindo únicamente algúns signos de puntuación dos cales a súa falla se debe a errores de imprenta.

(...) buscando un xeito de expresión no que non que dase pechado o pensamento nunhas rellas lóxicas exclusivamente senón que reflexase toda a personalidade, a mi pareceme que iso podía ser a poesía. Pero a poesía lírica pareceme demasiado individual, entonces pareceme que a poesía dramática sería a que mellor recollería (...) o proxecto plástico que eu levaba na cabeza (1995c: 164).

Á vista destas consideracións, a poesía sería o recurso elixido por Dieste nun determinado intre da súa traxectoria creativa, obedecendo á necesidade de atopar un novo xeito de transmitir o seu pensamento. Aínda que a aparición dos seus poemas non se pode restrinxir a un período concreto, semella obvio que Dieste se refire á lírica coma unha etapa xa superada.

7. Referencias bibliográficas

- AA.VV. (1983): *Cuaderno dedicado a Lorenzo Varela. Luis Seoane, Rafael Dieste, Cuadernos Ateneo Ferrolán*, II, Nadal.
- (1995): *Rafael Dieste. Día das Letras Galegas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- ALBORNOZ, A. DE (1977): «Poesía de la España peregrina: crónica incompleta», en Albornoz, Aurora de et al., *El exilio español de 1939. IV: Cultura y literatura*, Madrid, Taurus, pp. 17-38.
- ALFAYA, J. (1983): «Las epifanías de Rafael Dieste», en Dieste, Rafael, *Rojo farol amante*, 3.ª ed., Hiperión, Madrid, pp. VII-XVIII.
- ALONSO CIRGADO, L. (1986): «Rafael Dieste», *El Correo Gallego*, 12-X, p. 42.
- AZNAR SOLER, M. (1981): «Introducción», en Dieste, Rafael, *Teatro II*, Barcelona, Laia, pp. 7-37.
- BERMÚDEZ, SANTIAGO M. (1984): «Enigmático y sublime. Rojo farol amante», *Reseña de Literatura. Arte y Espectáculos*, 149, marzo-abril, pp. 14-15.
- (1991): «Lírica pureza del enigma (sobre Rojo farol amante)», *Documentos A*, 1, xaneiro, pp. 111-113.
- CARBALLO CALERO, R. (1982): «Rafael Dieste no novecentismo», *Crial*, 78, outubro-decembro, pp. 401-409.
- (1983): «Dieste, escritor bilingüe», *La Voz de Galicia*, 22-XII, Cuadernos de Cultura, p. IV.
- CASAS, A. (1991a): «La poesía, la memoria, el vaticinio», *Documentos A*, 1, xaneiro, pp. 114-117.
- (1991b): «Plenitud de la mirada», limiar a Dieste, Rafael, *Fragua íntima. Aforismos (1926-1975)*, Ferrol, Sociedad de Cultura Valle-Inclán, pp. 9-16.
 - (1994): *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, Vigo, Galaxia.
 - (1995a): «Autoelexia do ser. Sobre a función lírica en Dieste», *Crial*, 125, xaneiro-marzo, pp. 5-24.
 - (1995b): «A poesía de Rafael Dieste», en Dieste, Rafael, *Obras Completas. I. Narrativa e Poesía*, edición de Arturo Casas e Dario Villanueva, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, pp. 461-471.
 - (1997): *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- CAUDET, F. (1975): «Introducción», en *Hora de España (Antología)*, Madrid, Turner, pp. 9-45.
- DIESTE, R. (1932): «Pregón a la puerta de la sala», Vigo, poema editado en cartel; 2.ª ed., A Coruña, Asociación de Artistas, 1936.
- (1981): *Teatro II*, edición e introducción de Manuel Aznar Soler, Barcelona, Laia.
 - (1983): *Testimonios y homenajes*, edición e introducción de Manuel Aznar Soler, Barcelona, Laia.
 - (1985): *Historias e invenciones de Félix Muriel*, 3.ª ed., edición e introducción de Estelle Irizarry, Madrid, Catedra, pp. 9-62.
 - (1990): *Encontros e vieiros*, edición e limiar de Arturo Casas, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
 - (1995a): *Obras Completas. I. Narrativa e Poesía*, edición e introducción de Arturo Casas e Dario Villanueva, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
 - (1995b): *Obra galega completa. Vol. II*, edición de Xosé Luís Axeitos, Vigo, Galaxia.
 - (1995c): «Vocación unha e varia», conferencia recollida en AA.VV., *Rafael Dieste. Día das Letras Galegas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 149-166.
- DOCTOR SINTAX [DIESTE, EDUARDO]. (1935): «Rojo farol amante, de Rafael Dieste», *P.A.N.*, 3, marzo, pp. 58-59.
- DOURADO DEIRA, M. (1971): «Rianxo en la obra de Rafael Dieste», *La Voz de Galicia*, 11-IX, pp. 22-23.
- FERNANDEZ DEL RIEGO, F. (1954): «Rafael Dieste», *Galicia Emigrante*, 2, xullo, pp. 5 e 30.
- FERNANDEZ MAZAS, C. (1933): «Rafael Dieste. Rojo farol amante», *Escuela de Trabajo*, agosto. Recollido en Fernández Mazas, Armando, *El periodismo de Cándido Fernández Mazas*, Ourense, Ediciones Andorriña, 1990, pp. 74-75.

- FERINFIRO MAYO, X. R. (1995): *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra*. Santiago de Compostela, Laioveneto.
- GACINO, X. A. (1981): «Rafael Dieste, gallego universal», *El Ideal Gallego*, 10·V, pp. 17-18.
- GILBERT CARDONA, J. M. (1986): «Del romance de La doncella guerrera a la escenificación de Rafael Dieste», en Criado de Val, Manuel (ed.), *Actas del I Congreso Internacional sobre la juglaresca*, Madrid, EDI-6, pp. 495-502.
- GONZALEZ ALFONSÍ, R. (1954): *Poesía gallega contemporánea*, Pontevedra, Col. Huguen.
- GRIMENDEZ VICTORICA, C. (1982): «Un creador total», *Crial*, 78, outubro-decembro, pp. 393-400.
- IRIZARRY, E. (1980): *La creación literaria de Rafael Dieste*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- (1985): «Introducción», en Dieste, Rafael, *Historias e invenciones de Félix Muriel*, 3.ª ed., Madrid, Cátedra, pp. 9-62.
- (1991): «Palabras predilectas y definidoras en la poesía de Rafael Dieste», *Documentos A*, 1, xaneiro, pp. 107-110.
- (1992): *Estudios sobre Rafael Dieste*, Barcelona, Ayuntamiento de La Coruña / Anthropos.
- MENDEZ FERRÍN, X. L. (1984): *De Pondal a Novameira*, Vigo, Xerais.
- OTERO ESPASANDÍN, J. (1982): «Apoloxía de Rafael Dieste», *Crial*, 78, outubro-decembro, pp. 479-474.
- POZO GARZA, L. (1995): «Rafael Dieste. Diálogo estético coa Xeración do 27», en Axcitos, Xosé Luis (coord.), *Congreso Rafael Dieste*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 267-278.
- REI NUÑEZ, L. (1987): *Atravesada do século*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- (1990): «Dieste, filósofo do pobo», en Barreiro, Xosé Luis (coord.), *Openamento galego na historia*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, pp. 347-350.
- RIVAS, M. (1978): «Rafael Dieste: la inventiva como herramienta», *La Voz de Galicia*, 29·I, pp. 28-29.
- ROZAS, J. M. (1978): *El 27 como generación*, Santander, La Isla de los Batones.
- SOREJANO, G. (1976): *Nietzsche en España*, Madrid, Credos.
- UCAIDA, J. (1995): «Para viajar y conocerse el aire... (Anotacións para unha poética de Rafael Dieste)», en Casas, Arturo (coord.), *Tentativas sobre Dieste*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, pp. 193-199.